

NEXOS 2015

21 DE MARZO
MARÍA ZAMBRANO E A RAZÓN POÉTICA

18 DE ABRIL
AS CIDADES IMAXINADAS

9 DE MAIO
ESPLENDOR E FARSA DA ARTE CONTEMPORÁNEA

6 DE XUÑO
O DELEITE NA PALABRA. LARPEIRADAS DOS LITERATOS

Ao final de cada sesión servirase un viño cortesía de Bodegas Martín Códax

Auditorio da Biblioteca e
Arquivo de Galicia, 12:00 horas

De balde previa inscrición en
www.cidadedacultura.gal



COLABORA

Facultade de Belas Artes
Universidade de Vigo

7º ANIVERSARIO
RED INTERNACIONAL DE
UNIVERSIDADES LECTORAS

Martín Códax

Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

PADROADO FUNDACIÓN GAIÁS

ABANCA

INDITEX

INVERAVANTE

gasNatural
fenosa

Fundación Barón

SabadellGallego

OS

COREN

FUNDACIÓN
CIDADE DA CULTURA
DE GALICIA

Gamga

GADIS

NOSA
TERRA 21

BARBERAS

Estrella Galicia

R

MONUS

XUNTA
DE GALICIA

O DELEITE NA PALABRA. LARPEIRADAS DOS LITERATOS

6 DE XUÑO | 12:00 H.

Poucos dubidan que a comida e a lectura son dous grandes praceres. E con frecuencia van da man. Así, o noso larpeiro favorito, don Álvaro Cunqueiro, dicía: “son as xentes da imaxinación, case sempre, as que comen mellor”. É certo, a historia da literatura está repleta de grandes comedores e bebedores, hedonistas consumados que se entregaron ao goce sensual do sabor, o aroma, a textura e a evocación. Ás veces polo camiño do exceso, como naquela película de Marco Ferreri, ás veces cunha contención sublimada e case espiritual. O caso é que, dun xeito ou outro, son incontables as referencias literarias á gastronomía, de Platón a Jorge Amado, de Petronio a Rabelais ou Vázquez Montalbán. Un tema moi de actualidade, agora que a alta cociña semella terse democratizado, reclamando o seu lugar no altar das artes.

12:00 | Relatorio: Donna Leon. Escritora estadounidense, afincada en Venecia desde 1981. Considerada a gran dama da literatura negra de hoxe, a súa obra foi publicada en trinta e catro países. Creadora do personaxe do comisario Brunetti (La 2, TVE), os seus libros están ateigados de referencias gastronómicas. A destacar entre eles “El sabor de Venecia”, escrito a catro mans coa súa amiga Roberta Pianaro. A súa última novela é “Sangre o amor” (Seix Barral, 2015).

13:00 | Showcooking: Manuel Gago & Alberto Lareo. Como na literatura negra, ás veces na gastronomía creativa nada é o que parece, e o produto humilde disfrazase de manjar fastuoso, para sorpresa e abraio do comensal. A famosa técnica do trampantoxo (arte do engano) é coñecido desde a época de Roma, pero adquire un singular refinamento na cociña actual. Percorrido pola historia do espellismo culinario da man de Manuel Gago, xornalista e profesor da USC, e do cociñeiro Alberto Lareo, chef do restaurante Manso. Producción propia do ciclo Nexos.

NEXOS INFANTIL

Nexos 2015 conta tamén cunha sesión paralela para os máis pequenos –de 5 a 12 anos- basada na triple fórmula ver-ler-escoitar (na que os nenos farán unha aproximación ao tema a través dunha lectura colectiva ou contacontos), facer (actividades lúdicas nas que aprender divertíndose) e falar (extracción de conclusións, debate e intercambio de ideas).

21 de marzo: María Zambrano e a razón poética.

Esta primeira sesión descubrirá á María Zambrano autora, a súa vida e a súa obra. Os participantes lerán fragmentos dos seus poemas e, a partir do seu universo literario, a súa figura e relevancia nas letras, as súas obras e a súa biografía, crearase un mural colectivo descriptivo no que se incluírán novos poemas realizados polos nenos a partir dos seus versos.

18 de abril: As cidades imaxinadas.

Esta sesión constará de dúas partes. Na primeira, os participantes visitarán a Cidade da Cultura e coñecerán o proxecto de Peter Eisenman para logo imaxinar como foi o proceso de concepción, o que dará pé a identificarse coa parte creativa da arquitectura e do urbanismo. Na segunda parte, despregaranse mapas e alzados de diversas cidades para logo construír as súas propias maquetas ou deseños.

9 de maio: Esplendor e farsa da arte contemporánea.

Os nenos aproxímanse á arte contemporánea a través de vídeos e fotografías para despois realizar a súa propia investigación, buscando na Biblioteca de Galicia libros e documentos que ilustren a esta temática. Logo, os participantes crearán as súas propias obras, comezando por facer algunhas improvisacións escénicas colectivas e rematando por pintar o seu cadro ou mural.

6 de xuño: O deleite na palabra. Larpeiradas dos literatos.

A última sesión do Nexos infantil estará protagonizada por contos galegos relacionados coa comida e, a través deles, falaranse dos grandes larpeiros da nosa literatura e da literatura universal, veranse obras de arte feitas con alimentos ou inspiradas neles para logo meter as mans na masa e crear a merenda nun obradoiro de decoración de galletas. Serán galletas ou serán obras de arte? O que é seguro é que serán uns deliciosos aperitivos con historia propia que nos servirán para contar o noso particular conto antes de ir dar aos bandullos.

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

**CICLO DE CULTURA
CONTEMPORÁNEA**

NEXOS 2015

AUDITORIO DA BIBLIOTECA
E ARQUIVO DE GALICIA
GAIÁS, CIDADE DA CULTURA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

CIDADEDACULTURA.GAL

NEXOS

2015

Vivimos en sociedades complejas, plurais e en constante cambio. A cultura contemporánea é a cada paso máis mestiza. Para descifrar as claves e tendencias de hoxe precisamos dunha visión panorámica que supere as vellas fronteiras do saber, conxugando a un tempo os enfoques científico e humanístico.

O ciclo de cultura contemporánea Nexos regresa en 2015 da man de Marcos Lorenzo, propoñendo desta vez un diálogo entre áreas do coñecemento tan diversas como a filosofía, a poesía, a arquitectura, a arte contemporánea, a narrativa e a gastronomía.

Como xa é costume, combinaremos relatorios a cargo de destacados expertos con actuacións artísticas, nas que non faltarán estreas de espectáculos creados en exclusiva para Nexos. E sempre desde un formato didáctico, ameno e distendido.

Ao longo desta terceira edición afondaremos na figura de **María Zambrano** e no seu concepto filosófico da “razón poética”, precisamente na data en que se celebra o Día Internacional da Poesía; indagaremos no **proceso creativo dos arquitectos** e no seu xeito de imaxinar a cidade, tomando como espello e fío condutor a transformación urbana da Compostela actual; faremos un **percorrido pola historia da arte contemporánea**, preguntándonos canto houbo de revolución estética e canto de artificio; e exploraremos os **vínculos entre saber e sabor**, entre literatura e gastronomía, desde os clásicos grecolatinos ate hoxe.

Catro sesións nas que retomaremos algúns vellos sinais de identidade, como a celebración das sesións na Biblioteca de Galicia ou o convite a un viño posterior cortesía de Bodegas Martín Códax. Porque diso se trata, de ofrecer un aperitivo cultural para as mañás dos sábados, a un tempo lúdico e enriquecedor.

MARÍA ZAMBRANO E A RAZÓN POÉTICA

21 DE MARZO | 12:00 H

No Día Internacional da Poesía queremos lembrar á meirande intelectual española do século XX, a filósofa María Zambrano. Co concepto da “razón poética”, Zambrano acuñou unha liña de pensamento que buscaba transcender os estreitos límites do racionalismo para abrirse ao enigmático, misterioso e sagrado da condición humana. Ao longo dunha vida nómade, de exilio e compromiso, entre Europa e América, trabou fonda amizade con algún dos nosos escritores máis sinalados, como José Ángel Valente ou Rafael Dieste. En 1981 recibiu o Premio Príncipe de Asturias en Comunicación e Humanidades (primeira edición) e en 1988 o Premio Cervantes (primeira muller á que lle foi concedido).

12:00 | Relatorio: Ana Bundgaard. Hispanista e catedrática da Universidade de Aarhus (Dinamarca), é unha das maiores autoridades mundiais na vida e obra de María Zambrano, a quen lle dedicou dous libros: “Más allá de la filosofía. Sobre el pensamiento filosófico místico de María Zambrano” (Trotta, 2000) e “Un compromiso apasionado. María Zambrano: una intelectual al servicio del pueblo (1928-1939)” (Trotta, 2009).

13:00 | Concerto: Samuel Diz. Intérprete de guitarra clásica e director artístico do festival “Música no Claustro” da Catedral de Tui. Como concertista actuou en diferentes países de Europa, América e África e ten recibido o Premio Andrés Segovia – J.M. Ruíz Morales e o Premio da Crítica no Palau da Música Catalana. Desde hai anos realiza un intenso labor de investigación para a recuperación do patrimonio musical galego e da Xeración do 27.

AS CIDADES IMAXINADAS

18 DE ABRIL | 12:00 H.

Todos lembramos o maravilloso libro “As cidades invisibles” de Italo Calvino, no que Marco Polo lle describe a Kublai Kan urbes fantasiosas que alzan ao ceo escaleiras de caracol incrustadas en caracolas mariñas. Porén, do que trata esta sesión non é tanto das formas literarias da cidade como da propia imaxinación dos arquitectos e urbanistas á hora de concibir os nosos espazos de relación e convivencia. Ao igual que o músico ao compor unha melodía ou o escritor ao debuxar a trama dunha novela, o arquitecto enfróntase a un proceso creativo onde non só concorren as ferramentas técnicas propias do seu saber senón tamén o seu proxecto político (de polis) e os seus anhelos, obsesións e horizontes utópicos. Nesta sesión espiremos a intimidade dun oficio que con frecuencia fica oculto ao gran público, e farémolo prestando especial atención á reinvencción contemporánea de Santiago de Compostela.

12:00 | Diálogo: Xerardo Estévez & Manuel Gallego Jorreto. Xerardo Estévez é arquitecto e urbanista. Foi deputado polo PSdeG no Parlamento Galego e no Congreso, ademais de Alcalde de Santiago durante catro lexislaturas. Considerado o máximo artífice da Compostela actual, baixo o seu mandado a cidade foi recoñecida como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e Premio Europeo de Urbanismo // Manuel Gallego Jorreto é arquitecto e foi profesor de urbanismo da ETSA da Coruña. Discípulo de Alejandro de la Sota, a súa obra é un referente da arquitectura racional na península. Entre outros galardóns, en 1997 recibiu o Premio Nacional de Arquitectura e en 2010 a Medalla de Ouro da Arquitectura.

13:15 | Proxección audiovisual: “Imaxinarios sonoros de Compostela”. Estrea desta videocreación ideada expresamente para o ciclo Nexos, onde os músicos e artistas sonoros Nacho Muñoz e Mig Seoane realizan unha serie de micro-performances no espazo público utilizando as rúas de Compostela e o Gaiás coma un xigantesco instrumento musical.

ESPLENDOR E FARSA DA ARTE CONTEMPORÁNEA

9 DE MAIO | 12:00 H.

No terreo das artes, o século XX veu marcado pola irrupción das vangardas e a multiplicación de novas correntes e “ismos” (fauvismo, futurismo, cubismo, dadaísmo, construtivismo, surrealismo, expresionismo abstracto...). Varias xeracións de creador*s enfrontáronse ás convencións estéticas da burguesía desde unha actitude provocadora, cando non abertamente extravagante. A súa influencia social non parou de medrar, mentres a percepción maioritaria dos públicos oscilaba entre o estrañamento e o estupor, entre a fascinación e as acusacións de fraude. Co tempo, parte desa transgresión foi asimilada pola publicidade comercial. Non son poucos *s artistas que teñen cuestionado a arte contemporánea e a súa feira das vaidades. Así e todo, continúa a ser un fito histórico de esplendor creativo.

12:00 | Relatorio: Estrella de Diego. Escritora, ensaísta e catedrática de arte contemporánea na Universidade Complutense de Madrid. Ocupou a cátedra Rei Juan Carlos de Cultura Española na Universidade de Nova York. Foi comisaria de numerosas exposicións, entre outras na Bienal de São Paulo e na Bienal de Venecia. Autora dunha obra prolífica, foi galardoada en 2011 coa Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes. É colaboradora habitual do diario El País.

13:00 | Concerto: Cuerpo Astral. Grupo de música electrónica e “regateen ilustrado” formado por Fur Alle Falle (Iñaki López e Vanesa Castro) e Lúa Gándara. Fusiona clásicos tradicionais da nosa música co máis actual de todas as demais, demostrando que tempo e espazo non existen. A través dos seus bailes frenéticos e místicos pódese entrever o espírito de case todo o que non se ve, como na arte.